



Xosé Regueira Varela, Voceiro do Grupo municipal do BNG de Carballo, presenta a seguinte Enmenda á Moción do Partido Socialista-PSG relativa á colocación de “lomos de asno” nos principais accesos a Carballo, coincidentes co inicio da limitación a 30 km/h.:

Dado que a titularidade das vías de acceso ó casco urbano de Carballo non son de titularidade municipal (agás a Av. de Malpica que xa conta con pasos de peóns elevados no inicio da zona 30 km/h) senón da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia, o BNG propón modificar a parte propositiva da moción presentada polo grupo socialista, propoñendo os seguintes acordos:

- 1- Instar aos titulares das vías de acceso ao casco urbano (Xunta de Galicia e Deputación da Coruña) á colocación de elementos que contribúan ao calmado do tráfico e a redución de velocidade tales como pasos elevados, coxíns berlineses ou “lomos de asno”, adoptando a solución que os técnicos estimen máis oportuna segundo o tipo de vía.
- 2- Dar traslado de dita solicitude aos titulares das seguintes vías de acceso: Rúa Vázquez de Parga (AC-552), Av. de Razo (DP-1902), Av. de Fisterra (AC-552), Rúa Compostela (DP-1914) e Rúa Verdillo (DP-1905).

Carballo, 26 de xullo de 2021

Asdo.: Xosé Regueira Varela